



**ALGUNHAS CONSIDERACIÓN S O B R E A P R O P O S T A D E C A R R E I R A
P R O F E S I O N A L (C P) D O S F A C U L T A T I V O S D O S E R G A S P R E S E N T A D A P O L O
S E R G A S N A M E S A S E C T O R I A L O 1 7 / 0 1 / 2 0 0 4 .**

- Ø Falta o calendario de abordaxe e implantación da CP propiamente dita, que pode quedar diferida 'sine die'.
- Ø Queda aberta a posibilidade de que o recoñecemento acadado no réxime transitorio non supoña o encadramento automático no réxime definitivo.
- Ø Non se inclúe na CP a todo o persoal facultativo:
 - o persoal laboral e funcionario fican excluídos.
 - os APD e Zona só entrarían se aceptan unha "integración funcional" que non se define.
 - os Especialistas de Cota só entrarían de aceptaren a xerarquización
 - os interinos fican nunha situación de incerteza, pois o documento non dí nada sobre eles.
- Ø Os anos de acceso a cada grao son excesivos (5-7-7-7), en total 26 anos.
- Ø Os requisitos para acceder, mediante este réxime transitorio, aos sucesivos graos presentan aspectos rexeitábeis:
 - non se concreta como contarán os servizos prestados para sumar á experiencia profesional; deste xeito non fica claro como contabilizarán as interinidades, os contratos temporais, ...)
 - o persoal que conte con praza e que non está en activo por algunha circunstancia (excedencia voluntaria, coidado a familiares, permiso sen soldo, servizos especiais,, ...), ficará fora, pois o texto esixe estar en activo para poder optar a este réxime extraordinario. (outra cousa distinta é que non se lles aplique até a súa efectiva incorporación)
 - para acceder a este réxime transitorio esíxese ter cumprido o 80% dos obxectivos nos 5 anos anteriores, algo totalmente inadmisíbel.
 - o persoal de cota e zona tamén serán que someterse a unha avaliación que por outra banda non se especifica
- Ø As retribucións propostas no novo documento (3000, 2000, 2500 e 3000 € para cada un dos 4 niveis, respectivamente) supoñen unha mellora respecto a proposta anterior (2800, 1500, 1500 e 1500 €), sen embargo fican aínda lonxe da reivindicación do Acordo Unitario (3600 € por nivel).
- Ø Sobre o calendario de aplicación, se ben é positivo a igualación de AP con AE, consideramos inaceptábel a pretensión de adiar ao 1/6/2006 a incorporación á CP dos facultativos da OPE.

18/01/2005